

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2021**

Ás 18.00 horas do día 20 de maio de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventor:** D. José Mosquera Casero

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez, que é substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 22 de abril de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ.**

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** lembra que con motivo dunha moción do Partido Socialista, comentou que era conveniente dotar dunha medalla de ouro a algunha muller, xa que non se outorgou ningunha. Non ten nada que obxectar con esta medalla.

**A presidenta da comisión,** máis ben é un rogo. Di que están a favor de que as mulleres tamén sexan merecedoras desas distincións.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana,** móstrase de acordo coa proposta. Sinala que el persoalmente tiña unha boa relación persoal e amizade con don José Paz. Decía que as homenaxes debían darse en vida, e resúltalle paradoxal. Anticipa que votará a favor.

**D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** di que apoian as palabras de Bernardo, sobre a necesidade de outorgarlles medallas a mulleres para facelas visibles. Indica que están de acordo con esta proposta a este gran profesor durante máis de 40 anos, da que ela foi alumna e foi un gran promotor cultural e posuía unha gran biblioteca de Tagore, que propuxo que a acollera a Deputación. Votarán a favor desta proposta.

**A presidenta da comisión,** di que o seu grupo votará a favor. Engade que no Pleno desenvolverán máis a proposta.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de outorgamento da Medalla da Ouro da Provincia de Ourense a don José Paz Rodríguez, mediante a seguinte providencia do 10 de maio de 2021:

*“Don José Paz Rodríguez, nado en Corna, municipio ourensán de Piñor, exerceu a docencia durante corenta anos, nos que destacou cun importante labor innovador no eido da pedagogía. Ten unha recoñecida traxectoria de profesor, investigador e intelectual. Foi ademais gran impulsor do cineclubismo a través do Cineclub de Padre Feijóo e dedicou case toda a súa vida ao estudo do Premio Nobel Rabindranath Tagore, sobre quen formou a biblioteca máis completa sobre este pensador. Faleceu o 23 de abril de 2021.*

*Por todo o anterior, esta Presidencia considera oportuno iniciar o expediente para outorgarlle a Medalla de Ouro da Provincia de Ourense.*

*De conformidade co artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considerase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.*

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

*1º.- Incoar o expediente para o outorgamento da Medalla de Ouro da Provincia de Ourense ao insigne profesor don José Paz Rodríguez.*

*2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.*

*3º.- Solicitalle á comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, que ditamine favorablemente a ratificación por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

**3º.- OUTORGAMENTO, A TÍTULO PÓSTUMO, DA DISTINCIÓN HONORÍFICA DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO CINEASTA JOSÉ LUIS CUERDA MARTÍNEZ**

A **presidenta da comisión** indica que J. Luís Cuerda foi unha persoa que viviu en Ourense, contou Ourense e levou Ourense por todo o mundo a través do seu cine e o seu viño. Destaca que foi veciño do seu concello e que se integrou perfectamente entre os ourensáns. Considera moi merecido este recoñecemento.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, indica que o seu voto vai ser favorable. Está de acordo en todo o bo que se poida dicir de J.L. Cuerda, xa se dixo no seu momento.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, foi unha figura recoñecible e relacionable con Ourense e con Allaríz, comprometida con esta provincia e co seu desenvolvemento que non naceu aquí pero o adoptamos e que menos que outorgalle ese título de fillo adoptivo.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** agradece que a proposta do Grupo Socialista de febreiro de 2020 sexa xa ratificada no seguinte pleno e agradece o apoio de todos os grupos.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Outorgarlle, a título póstumo, a distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao cineasta José Luis Cuerda Martínez, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada pola instrutora do expediente.

#### **4º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA UNIVERSIDADE GALEGA.-**

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa,** di que reserva o voto. Indica que ten unha visión moi distinta da universidade pública e privada. Considera que é unha moción que non cubre os intereses de todos os galegos. Considera que non todos os galegos pensan como o que o portavoz do BNG traslada nesta moción e non considera contraproducente que unha universidade privada se instale na nosa provincia ou na nosa Comunidade Autónoma. Promete estudar o asunto con moito cariño.

**D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista,** indica que está de acordo en liñas xerais con ela. Fai reserva de voto para o debate no pleno e poder profundar máis. Alégrralle o tema polo que se loita nesta moción que é protexer e loitar pola educación pública superior. Os que estudamos nas universidades públicas sentímonos orgullosos disto. Aquí os méritos son anónimos, sen privilexios, coa única premisa da oportunidade para todos e todas. Defende tamén a calidade, o territorio e a investigación. Engade que o sector privado, a empresa e o sector bancario que fagan o seu traballo, e non lle saque terreo ao sector público, e que este faga o que ten que facer. Fai reserva de voto. Dálle os parabéns ao Sr. Bernardo.

**A presidenta da comisión** fai reserva de voto para poder estudala con calma.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación de Ourense manifesta a súa oposición a unha universidade elitista, innecesaria e contraproducente para os intereses e necesidades da sociedade galega e por ende da ourensá, como é unha universidade privada en Galiza.

2º.- O Pleno da Deputación de Ourense manifesta a súa aposta firme e decidida pola universidade pública e esixe o reforzamento do Campus de Ourense. Garantindo os actuais graos e mestrados e a implantación (dunha vez) dos xa comprometidos, cunha dotación orzamentaria suficiente para garantir a súa competitividade, ao temo que se estuda a incorporación de novas titulacións que amplíen e complementen a oferta do Campus Ourensán. E como primeiro paso para isto é a ampliación do número de titulacións do Sistema Universitario de Galiza e das prazas públicas nas titulacións máis demandadas.

3º.- O Pleno da Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a facer valer, en todo momento, o interese público xeral fronte a vontade empresarial particular e que, en ningún caso destine recurso público ningún a este proxecto. Xa que por lóxica isto iría en detrimento dos fondos dispoñibles para o Campus de Ourense.

4º.- O Pleno da Deputación de Ourense insta á Xunta a actualizar o plan de financiamento prorrogado co que contan as universidades galegas e que dificulta o seu desenvolvemento, nun intre como o actual en que o coñecemento se ten identificado dun xeito tan singular como a principal fonte de vida e futuro dos pobos.

#### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR A CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS DE 2022 EN HONRA DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN.-**

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista,** dá lectura ao contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita,** anuncia a reserva de voto para o pleno. Profundará no debate. Engade que ten entendido que non é o proceder da Real Academia para pedir que se outorgue o premio a un escritor.

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** indica que hai un erro formal na proposta de resolución xa que fai referencia á comisión de cooperación, e solicita que se corrixa. Parécelle unha proposta razoada. Outros moitos escritores e escritoras podían optar. Fai unha reserva de voto pero finalmente concordará coa proposta.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana,** di que é unha proposta digna de ser tomada en consideración e débese trasladar a quen ten capacidade de decisión sobre o asunto. No Pleno falará con máis detalle sobre o asunto.

**A presidenta da comisión**, sinala que afortunadamente temos moitos candidatos e candidatas posibles para o día das letras galegas. Fai reserva de voto para o pleno.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, agradece a postura dos grupos. Matiza que no primeiro punto indica que a Deputación de Ourense se sume á iniciativa promovida polo proxecto cultural, o procedemento é que algunha asociación ou entre cultural o promova e difunda. Indícase que a Deputación se sume a este proxecto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense se sume á iniciativa promovida polo proxecto cultural As Letras de Florencio e apoie a candidatura do poeta valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, do Día das Letras Galegas.

2º.- Que a Deputación Provincial de Ourense dea difusión, a través de todos os medios de difusión cos que conta a institución, á candidatura do poeta valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, o Día das Letras Galegas.

3º.- Que a Deputación Provincial de Ourense traslade o seu apoio á candidatura do poeta valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, para que lle sexa concedido, en 2022, o Día das Letras Galegas, á Real Academia Galega, para coñecemento e constancia de todos os seus membros.

**6º- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**7º- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D Bernardo Varela López, do BNG**, manifesta que, en relación cos contratos menores que fai esta Deputación, dúas lle chamaron a atención en relación co apartado cultural ou obras. Indica que mercamos unha escultura con símbolo de Ourensanía e un monolito co himno de Ourense por importe de 10.690,35 € de data 6-5-2021, gustaríalle saber o destino e poder acceder ao expediente. Na páxina de contratos só accedía a estes datos. Tamén indica que hai unha adquisición dunha escultura en granito dunha gaiteira da Real Banda de 1.80 cm por importe de 8.324,08 €, e tamén lle gustaría saber a que departamento vai destinada e poder

acceder ao expediente. Pregúntase se esta era unha compra de urxencia nun ano como este no que hai tantas dificultades. A compra adquiríuselle a unha empresa de granito.

**A presidenta da comisión** indica que lle contestará na seguinte sesión para poder obter datos sobre esta cuestión.

E, ás 18.29 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.